

TERMOS E CONDICIÓNS SERVIZO DECLARACIÓN DA RENDA 2024

Primeiro.- OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do presente contrato consiste na prestación dun servizo puntual de RENDA, que se axustará ao establecido nas disposicións deste contrato, e ao regulado pola lexislación aplicable.

Para iso, o asesor prestará o servizo con total autonomía e independencia respecto do cliente, en atención á súa experiencia e coñecementos, establecéndose de forma expresa que a relación entre as partes ten un carácter exclusivamente mercantil, non existindo vínculo laboral entre asesor e cliente, nin entre o asesor e persoal daquela.

Segundo.- INFORMACIÓN DO CONTRATO.

Información referente a contratación do servizo:

1. Precisase unha copia da renda de 2023 do cliente para poder ter acceso os datos fiscais e o servizo de renda web de 2024. É preciso que se envíe a renta@asesorixesta.com.
2. Inda que o cliente viva ca súa parella (casados ou non), e no caso de ter contratada a renda de ambos, precísase que se realice por parte do Asesor, a renda de cada un dos membros da unidade familiar, cada un de eles terá que realizar a contratación do servizo cos seus datos de forma individual, independentemente de que finalmente a renda interese presentala de forma conxunta (no caso de estar casados).
3. O cliente deberá cumprimentar o cuestionario de toma de datos. Este cuestionario ten que estar cumprimentado antes do 09 de xuño, coa finalidade de que o Asesor conte coa totalidade da documentación con prazo dabondo para poder facer a declaración.
4. Se o cliente foi autónomo no ano 2024, serán precisos os libros contables (ingresos, gastos e bens de inversión), debidamente cumprimentados e no formato correcto.
5. Durante o proceso de confección da renda, toda a información será por e-mail (nunca por redes sociais ou WhatsApp), a fin de que toda a información quede correctamente rexistrada e non se perda ningún dato dos facilitados, polo que o cliente debe estar pendente do mesmo para atender calquera dúbida ou consulta que se lle poida requirir.
6. Unha vez confeccionada a declaración, enviarase un borrador co resultado e pedirase confirmación do método de pago desta.
7. Presentarase a declaración do IRPF na Axencia Tributaria e remitiráselle ao cliente unha copia por e-mails en PDF.

Terceiro.- OBRIGAS DO CLIENTE:

Para a correcta prestación do servizo por parte do ASESOR, coa aprobación escrita do presente documento, o CLIENTE comprométese ao estrito cumprimento das seguintes obrigacións, recaendo baixo a súa completa responsabilidade as consecuencias que do seu incumprimento se poidan derivar no servizo.

OBRIGACIÓNS DE CARÁCTER XERAL

1. Facilitar ao ASESOR toda a documentación necesaria, con suficiente antelación, nos prazos que, en cada caso, se acorden, para a adecuada prestación dos servizos. Neste caso, establécese como prazo máximo o día 09 de xuño de 2025.
2. Formular as consultas nas horas establecidas ao efecto.
3. Efectuar en prazo o pago dos honorarios.
4. Prestar unha dilixente colaboración en orde á eficacia dos servizos requiridos.
5. O CLIENTE responde da exactitude dos datos que facilite ao ASESOR para a realización do servizo contratado, os cales deben ser completos e entregados dentro de prazo. Das consecuencias que se deriven por causa de que os datos facilitados polo CLIENTE sexan incompletos, insuficientes ou se entreguen fóra de prazo, non será responsable o ASESOR.
6. Todas as comunicacións e envío de documentación farase por e-mails, tanto por parte do cliente como por parte do asesor.

Cuarto.- PERÍODO DE PRESENTACIÓN:

A campaña da renda iniciase o 2 de abril e o prazo para presentala é até o 30 de xuño.

O servizo poderase contratar con antelación o inicio do período de presentación e até o 10 de xuño de 2024. A elaboración e presentación das declaracións por parte do asesor comezará a facerse a partires do 22 de abril e poderase facer en calquera momento entre esa data e o 30 de xuño, polo que non existe un prazo mínimo para a presentación da mesma por parte do despacho.

Se o CLIENTE precisase que a renda tivese unha prioridade especial, incluírase ao prezo un concepto de prioridade de 50€ + IVE.

Quinto.- CONDICIÓN ECONÓMICAS:

Os prezos base por declaración son (IVE non incluído):

- Declarantes non autónomos (traballadores, desempregados, pensionistas, etc.): 65€
- Autónomos (sen auditoría de libros): 90€

O prezo final poderá verse incrementado en función das respostas o cuestionario enviado que poidan aumentar a complexidade da declaración. O CLIENTE será coñecedor do prezo final antes de contratar o servizo. Unha vez recheo o cuestionario, remitirase un presuposto. O servizo non dará comezo até a aprobación e pago do presuposto acordado.

Se o CLIENTE está casada/o, independentemente de facer a declaración conxunta ou non, cada cónxuxe terá que adquirir un servizo de declaración da renda de maneira individual.

O pago do servizo da renda farase no momento da contratación do mesmo. O método de pago será a transferencia bancaria.

Sexto.- RESOLUCIÓN DO SERVIZO:

Unha vez pagado o servizo, non se devolverá o importe, no caso de que o cliente non teña obriga finalmente de presentar a declaración ou decida cancelar a contratación do servizo, con posterioridade a súa contratación. Neste sentido, aplicarase o artigo 103 a) del RDL 1/2007 de 16 de novembro, polo que se aproba a Lei Xeral para a defensa de consumidores e usuarios, que indica "O dereito do desestimento non será aplicable os contratos que se refiran a prestación de servizos, unha vez co servizo fora completamente executado".

No caso de cancelación do servizo por parte de Asesoría Xesta, esta reservase o dereito a devolución íntegra do servizo. Neste caso o cliente será avisado ca debida antelación e seralle devolta a parte acordada do servizo non satisfeito o número de conta que se indique.

Sétimo.- CONFIDENCIALIDADE DA INFORMACIÓN.

Todos os documentos, materiais, arquivos e calquera outro soporte de información referente ás partes e ás compañías relacionadas con elas consideraranse confidenciais.

O CLIENTE non poderá explotar nin revelar o "saber facer" ou os datos ou a información propia por XESTA a que tivera acceso como consecuencia da execución deste contrato, durante a vixencia deste contrato, nin á finalización do mesmo. En todo caso, é de aplicación a lexislación vixente en España en materia de segredo empresarial sobre a información e/ou coñecemento sobre o que AS PARTES sexan titulares e teñan a consideración de segredo industrial.

Así mesmo, as partes non poderán utilizar ou copiar, ou permitir o uso ou copia de calquera das informacións confidenciais, directa ou indirectamente, para calquera outro propósito que non sexa o cumprimento dos seus deberes e obrigas.

As partes tomarán as medidas necesarias e farán todo o que está razoablemente ao seu alcance para impedir a divulgación, a liberación ou subministro de ningunha información confidencial a calquera persoa, incluíndo por calquera dos seus representantes, salvo na medida necesaria para o desempeño das súas funcións.

Unha vez finalizada a relación contractual, ou ben a solicitude das partes ou dos titulares da mesma, devolverase a Información Confidencial aos seus titulares ou destruírase, sen conservar ningunha copia da mesma.

O incumprimento por parte do CLIENTE desta cláusula de confidencialidade facultará ás outras partes para resolver o presente contrato e ademais esixir os danos e prexuízos que se lle ocasionasen.

En cumprimento do anteriormente exposto, cada parte informará aos seus socios, representantes, axentes e persoal sobre a existencia desta cláusula e das implicacións reais e legais.

O CLIENTE responderá ante XESTA por calquera prexuízo e dano sufrido (incluídos honorarios por servizos legais) así como polo lucro cesante como consecuencia de calquera incumprimento en materia de confidencialidade orixinado na parte incumpridora.

Oitavo.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS.

OBRIGACIÓN DAS PARTES:

As partes obríganse, en caso de que teñan acceso a datos de carácter persoal con ocasión do cumprimento deste contrato, ao estrito cumprimento das disposicións contidas na normativa en materia de protección de datos de carácter persoal.

As partes infórmanse mutuamente de que os datos persoais das persoas en réxime laboral de cada parte ou de contacto que foron facilitados polas partes, así como os dos asinantes do presente contrato, serán tratados por cada parte como RESPONSABLE DE TRATAMENTO. Estes datos serán tratados coa finalidade de prestar os servizos indicados no presente contrato, calquera outra que sexa necesaria para a correcta xestión, así como para enviarlle información e/ou publicidade de cada parte ou de terceiros, relacionado coa fiscalidade e do sector da actividade empresarial, que poida ser considerada de seu interese.

Os datos de carácter persoal poden ser cedidos a empresas do grupo ao que pertence cada parte ou coa que ten acordos de colaboración, en base ao interese lexítimo, para o cumprimento do presente contrato e das obrigas legais. No caso de execución do contrato, o destinatario dos datos pode ostentar o rol de responsable de tratamento, no cal caso, informarlle sobre a súa propia política de privacidade.

Así mesmo, infórmase mutuamente de que as persoas de contacto, traballadoras ou asinante, cuxos datos foron facilitados para a firma e/ou execución do contrato, poden exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición ou potabilidade, enviando unha comunicación escrita a cada parte. No caso de exercer dereitos diferentes ao acceso ou rectificación que impidan o normal desenvolvemento da execución do contrato, a parte vinculada ten a obriga de asignar a outras persoas de contacto. Así mesmo, infórmase do dereito de reclamación que poden exercer as persoas físicas ante a autoridade de control (AEPD) para obter unha tutela efectiva dos seus dereitos.

A política de privacidade de cada parte está dispoñible na web corporativa de cada parte.

No caso de seren facilitados por cada parte datos persoais de terceiras, esta comprométese a comunicar aos titulares de ditos datos a presente cláusula, informándolles, con carácter previo a dita comunicación de todos os aspectos recollidos na mesma, as finalidades do tratamento e a posibilidade de exercicio de dereitos na dirección recollida no parágrafo anterior. No caso de non ser comunicada por algunha parte, esa parte comprométese a deixar indemne ás demais partes pola falta de comunicación desta cláusula aos titulares dos datos facilitados.

ENCARGADO DE TRATAMENTO:

No caso de que, pola prestación do servizo, XESTA trate datos de carácter persoal en relación cos cales O CLIENTE é Responsable de TRATAMENTO ou Encargado de TRATAMENTO, XESTA ostentará a condición de Encargado de Tratamento ou de Subencargado de tratamento, respectivamente, e as partes comprométese a asinar o respectivo contrato de Encargado de Tratamento ou de Subencargado de tratamento, que formará parte íntegra deste acordo.

En todo caso, XESTA e O CLIENTE, de conformidade con estas cláusulas, quedan facultadas para subcontratar a Encargados de Tratamento.

En todo caso, XESTA ostenta o dereito de bloqueo conforme á normativa vixente, e durante un prazo de 10 anos tras a finalización da relación contractual, para dar cumprimento ás obrigas legais

Noveno.- COMUNICACIÓNS E NOTIFICACIÓNS

Todas as comunicacións para a prestación de este servizo, farase por correo electrónico, na dirección renta@asesorixesta.com.